



// Sector
Agroalimentario



// Localización
Cambados



// Ano de constitución
2002



// N° empregados
140



Dori Solla
Directora executiva
La Sirena. Linamar

// Descrición da empresa

Empresa nada da necesidade do mercado de depuración de moluscos. Dedicáanse principalmente a dúas liñas de negocio: a depuración e a transformación de moluscos vivos (sobre todo, de mexillóns das Rías Baixas) e a elaboración de produto preparado, o que lles permitiu diferenciarse do resto de competidores.

“O programa Re-acciona TIC permitiunos lograr unha toma de contacto e sentar as bases para abordar a implantación da industria 4.0”

Dori Solla. Directora executiva de La Sirena

// Descrición do proxecto

A dirección da Depuradora de Moluscos La Sirena tiña claro que debían evolucionar cara a un modelo de negocio onde primase a calidade, a mellora continua e a competitividade. A industria 4.0 adiviñábase, para eles, a curto e medio prazo como unha das estratexias que debían incorporar para gañar competitividade. Como non sabían por onde comezar respecto á implantación de solucións da industria 4.0, parecelles que o máis adecuado era arrincar xustamente cun diagnóstico para poder coñecer onde se atopaba a súa organización e cales eran as súas necesidades para así definir unha folla de ruta.

O proxecto arrincou cunha formación para dar a coñecer, fundamentalmente, que era a industria 4.0 e, máis en concreto, cales eran as tecnoloxías vinculadas a ela. Ademais, abordaron o uso de ferramentas organizativas como primeiro paso antes de chegar á implantación de solucións tecnolóxicas. Posteriormente, definiron un equipo de traballo que realizou unha posta en común de todos os aspectos abordados, co fin de decidir que accións debían focalizar e priorizar para camiñar cara á industria 4.0. Así, chegaron a un consenso e debuxaron o itinerario de implantación nun prazo de dous anos e medio.





// O resultado

O servizo Re-acciona TIC permitiulles realizar unha reflexión conxunta como organización, non só por parte da dirección da empresa, senón tendo en conta as achegas do persoal dos distintos departamentos, co obxecto de coñecer as melloras organizativas que cada un consideraba relevantes e que facían falta para poder avanzar no reto da industria 4.0.

Podería dicirse que un dos principais beneficios foi que obtiveron a foto de onde se atopaban e cara a onde debían ir, o que supuxo unha reflexión interna, dirixida por un técnico do axente colaborador. De non ser así, seguramente a día de hoxe non terían acometido este proxecto e moito menos coa participación de distintos membros da empresa.

O que lles proporcionou o programa Re-acciona TIC foron os pasos correctos para levar a cabo unha dirección previamente definida, posto que incorporar as tecnoloxías sen máis non é garantía de éxito, hai que estar preparados para iso. O resultado é que o diagnóstico fixo que perdesen o medo a falar da industria 4.0, porque agora teñen claro o que ten que ser para eles.

“O servizo Re-acciona TIC permitiunos realizar unha reflexión conxunta como organización para poder avanzar no reto da industria 4.0”

Dori Solla.
Directora executiva de La Sirena



// Web

<https://www.grupolinamar.com>



// Vídeo

Ver video